



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 28 DE MAIO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G010/000005

Visto o establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e no acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023, e en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar no “Salón de plenos” da Casa do Concello, **o vindeiro día 28 de maio de 2026 (xoves), ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2026.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria celebrada o día 12 de maio de 2026.

3º.- Aprobación inicial da “*ORDENANZA REGULADORA DO USO RACIONAL E SOSTIBLE DAS PRAIAS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS*”.

4º.- Aprobación provisional da Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Malpica de Bergantiños, conforme á documentación denominada/titulada: “*MP Nº 4 NNSSPP MALPICA DE BERGANTIÑOS RECALIFICACIÓN DE UN ÁMBITO DE SUELO URBANO DE USO RESIDENCIAL PARA USO DOTACIONAL DE EQUIPAMIENTO. DOCUMENTO PARA AP PROVISIONAL*”.

5º.- Mocións de urxencia (artigo 91.4 e art. 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais).

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

6º.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía.

7º.- Dación de conta da execución trimestral correspondente ao primeiro trimestre de 2026, en aplicación do disposto no artigo 16 da Orde do Ministerio de Facenda 2105/2012, do 1 de outubro e dación de conta do período medio de pagamento do primeiro trimestre do exercicio 2026, calculado consonte ao establecido no RD 635/2014, do 25 de xullo, e da información relativa á morosidade en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2015/2012.(Expt. 2026/x999/000166).

8º.- Mocións (artigo 46.1, letra e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local).

9º.- Rogos e preguntas.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as, dar traslado á intervención e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións (por delegación), Miguel Ángel Fernández Mirás, ante min, a secretaria, M^a Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).